

nistración, calculados segundo a dose diaria definida. En todo caso, deberáselles garanti-lo abastecemento ás oficinas de farmacia destas especialidades farmacéuticas.

As especialidades farmacéuticas xenéricas non poderán supera-lo prezo de referencia.

Cando se prescriba unha especialidade farmacéutica que forme parte dun conxunto e que teña un prezo superior ó de referencia, no caso de que exista especialidade farmacéutica xenérica de idéntica composición cualitativa e cuantitativa en substancias medicinais, forma farmacéutica, vía de administración e dosificación á prescrita, o farmacéutico deberá substituí-la especialidade farmacéutica prescrita pola especialidade farmacéutica xenérica de menor prezo. No caso de que non exista a dita especialidade farmacéutica xenérica, o farmacéutico dispensará a especialidade farmacéutica prescrita a prezo de referencia, efectuando o beneficiario, se é o caso, soamente a correspondente achega sobre prezo de referencia. Neste último suposto, o laboratorio aboaralle ó almacén de distribución ou, se é o caso, á oficina de farmacia a diferenza entre o prezo de venda do laboratorio autorizado e o que se corresponde co prezo de referencia.

Os servicios de saúde promoverán a prescrición de xenéricos e os seus profesionais sanitarios colaborarán nas iniciativas para conseguir un uso racional dos medicamentos. Cando a prescrición se efectúe por principio activo sometido a prezo de referencia, o farmacéutico dispensará a especialidade farmacéutica xenérica de menor prezo.»

Disposición derradeira cuarta. *Adaptación da estrutura orgánica do Ministerio de Sanidade e Consumo.*

O Goberno, no prazo dun mes a partir da entrada en vigor desta lei, modificará a estrutura orgánica do Ministerio de Sanidade e Consumo, co obxecto de proceder á creación do Instituto de Información Sanitaria, da Axencia de Calidade do Sistema Nacional de Saúde e do Observatorio do Sistema Nacional de Saúde e á supresión das subdireccións xerais correspondentes, de conformidade co disposto no artigo 67.1.a) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Disposición derradeira quinta. *Desenvolvemento normativo.*

Facúltase o Goberno para dictar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións resulten necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de maio de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**10828** *LEI 17/2003, do 29 de maio, pola que se regula o Fondo de bens comisados por tráfico ilícito de drogas e outros delitos relacionados.* («BOE» 129, do 30-5-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Código penal establece, en materia de comiso por delitos de tráfico ilícito de drogas, que os bens, obxectos e instrumentos definitivamente comisados por sentenza se adxudicarán ó Estado.

Como complemento desta disposición, foi aprobada a Lei 36/1995, do 11 de decembro, que creou o Fondo de bens comisados por tráfico de drogas e outros delitos relacionados, e afectou tales bens ó cumprimento de determinados fins, como son os da realización de programas de prevención das toxicomanías, a asistencia de drogodependentes, a inserción social e laboral daqueles, a intensificación e mellora das actuacións de prevención, investigación, persecución e represión dos delitos relacionados co tráfico ilícito de drogas e o branqueo de capitais procedentes deste e, finalmente, a cooperación internacional nas referidas materias.

Este fondo supuxo nos últimos anos un incremento adicional importante dos recursos económicos destinados pola Administración xeral do Estado á loita contra o fenómeno social das drogas no noso país, nas súas diversas manifestacións, e mereceu desde a súa creación unha favorable acollida non soamente entre as forzas políticas, senón tamén entre a sociedade española no seu conxunto e mesmo polos organismos internacionais con competencias na materia.

Non obstante o anterior, a aplicación da referida norma evidenciou algunhas deficiencias e omisións en determinados aspectos, polo cal se considerou oportuno tentar solucionarlas mediante esta lei.

Con esta nova norma amplíase de forma expresa o ámbito dos bens comisados que se integran no fondo, ó permitir que os bens, obxectos e instrumentos comisados por delito de contrabando, cando o obxecto deste foren drogas tóxicas, estupefacientes, substancias psicotrópicas ou substancias catalogadas como precursores, pasen a formar parte tamén do fondo, tendo en conta para isto que o artigo 5.3 da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, impón a adxudicación ó Estado de tales bens, efectos e instrumentos.

Polo que respecta ó ámbito obxectivo da lei, introdúcese unha declaración de supremacía dos tratados internacionais que incidan na materia obxecto daquela, pois admítese, en cumprimento daqueles, tanto a entrega a estados estranxeiros de bens comisados en España por instancia deses estados que deberían formar parte do fondo como a integración neste daqueles bens entregados ou cedidos polos referidos estados, unha vez comisados no seu territorio ou en España por iniciativa daqueles, todo isto de acordo cos tratados internacionais en vigor.

Noutros aspectos, amplíase o ámbito dos beneficiarios do fondo, coa inclusión, xunto ós organismos internacionais, das entidades supranacionais —como unha realidade nova, con natureza propia no dito ámbito, xurdida principalmente coa creación da Unión Europea— e dos gobernos de estados estranxeiros, as omisións dos cales, na redacción ata agora en vigor, impedían

h aplicar recursos do fondo ás finalidades previstas na lei cando fosen realizadas por aquelas entidades ou gobernos, sendo así que na actualidade a colaboración na loita contra as drogas cunhas e outros é máis intensa e frecuente, se cabe, ca cos organismos internacionais.

Polo que respecta ó destino dos bens que nutren o fondo, esta lei pretende darlle unha maior claridade e precisión e cubrir algunhas omisións de relevancia. Así, no que respecta ó primeiro aspecto, establécese a obriga, con carácter xeral, de allear todos aqueles bens do fondo que non consistan en diñeiro ou noutros instrumentos de pagamento ó portador e, con carácter excepcional e de forma motivada, admítase a posibilidade de lles cede-lo uso, de forma gratuíta, ós beneficiarios dos bens citados. Con isto, téntase impedir, fundamentalmente, que a acumulación dos bens provoque, por un lado, un aumento dos gastos de xestión e administración do fondo, pola existencia dun vasto volume patrimonial neste e, por outro lado, evita-la maior dificultade, en detrimento da eficacia e axilidade, que comportaría esa administración e xestión. Ademais, e fronte á previsión anterior, referida exclusivamente ós bens inmobles, a nova redacción do precepto permite de forma xeral a referida cesión gratuíta non soamente cando os bens cedidos sexan de natureza inmobile, senón tamén moble (o que non se recollía de forma adecuada na lei ata agora vixente), sempre que se destinen ós fins de interese público establecidos na norma.

Por outra parte, recóllese a posibilidade, ata agora non prevista legalmente mais si regulamentariamente, do abandono de bens en circunstancias concretas, e a determinación do destino daqueles bens que, por algunha disposición legal ou tratado internacional, estean sometidos a un réxime xurídico que limite a súa propiedade, posesión ou comercio, dada a incidencia que isto supón con respecto ó alleamento ou cesión gratuíta dos ditos bens.

Outorgouse tamén un especial interese á colaboración dos órganos xudiciais competentes, co fin de axilizar e facilita-la integración dos bens, obxectos, instrumentos e ganancias comisados, evitando así demoras ou dificultades que poidan incidir, en última instancia, de forma negativa no seu valor económico ou uso. Con este fin, destaca a obriga de remisión por aqueles á Mesa de Coordinación de Adxudicacións, nun breve prazo de tempo, xunto á correspondente sentenza que declare o comiso, doutras resolucións xudiciais (auto de declaración de firmeza ou, se é o caso, do auto de aclaración de sentenza), que teñen particular relevancia para proceder á determinación, identificación e localización dos referidos bens, así como a remisión doutra documentación (actas de aprehensión e documentación administrativa dos bens ocupados), que permitirá apreciar de forma adecuada a súa situación material ou xurídica desde o momento da aprehensión ata a súa integración no fondo.

Finalmente, ademais de se adapta-la composición da Mesa de Coordinación de Adxudicacións á estrutura de departamentos ministeriais vixente despois da aprobación do Real decreto 557/2000, do 27 de abril, elévanse a rango de lei algunhas disposicións referentes ó réxime de gastos de xestión e administración dos bens do fondo, entre as que destaca a declaración expresa de exclusión do pagamento de gastos orixinados durante a tramitación dos procesos xudiciais ata a súa recepción pola Mesa de Coordinación de Adxudicacións, como consecuencia do depósito ou administración xudicial constituídos nos procesos correspondentes, así como dos gastos xerados pola conservación, mantemento e transmisión daqueles bens que sexan cedidos gratuitamente. Igualmente, introdúcense disposicións referentes á protección xurídica dos bens que nutren aquel, ó imporse

a obriga da súa inscrición nos rexistros públicos cando for necesario, declarando, a un tempo, a súa afectación específica, así como a súa inembargabilidade.

Finalmente, hai que sinalar que a importancia e diversificación de tódalas reformas expostas aconsellan aprobar un novo marco legal regulador desta materia, que substitúa a ata agora vixente Lei 36/1995, modificada pola Lei 61/1997, do 19 de decembro.

#### Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

Esta lei ten por obxecto:

1. Regula-lo destino dos bens, efectos e instrumentos que sexan obxecto de comiso en aplicación dos artigos 374 do Código penal e 5 da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, cando neste último caso os bens, obxectos e instrumentos se utilizasen ou proveñan da execución dun delito de contrabando de drogas tóxicas, estupefacientes e substancias psicotrópicas ou de substancias catalogadas como precursores, así como dos comisados como consecuencia accesoria do delito tipificado no artigo 301.1, parágrafo segundo, do Código penal, e que por sentenza firme se adxudiquen definitivamente ó Estado, e do produto obtido pola aplicación das sancións e do comiso previsto na Lei 3/1996, do 10 de xaneiro, ou en calquera das outras disposicións normativas relacionadas coa represión do narcotráfico.

2. A creación dun fondo, de titularidade estatal, que se nutrirá cos bens, obxectos e instrumentos recollidos no parágrafo anterior, coas rendas e xuros destes bens e co produto que se obteña deles cando non sexan líquidos e se alleen e liquiden segundo as previsións desta lei e das súas normas regulamentarias de desenvolvemento.

Os recursos obtidos aplicaranse ó orzamento de ingresos do Estado para a súa ulterior distribución nos termos previstos nesta lei e nas súas normas regulamentarias de desenvolvemento.

3. O establecido nesta lei entenderase sen prexuízo do previsto sobre o destino dos bens comisados nos tratados internacionais subscritos e ratificados polo Reino de España.

#### Artigo 2. *Fins.*

Os fins ós que se destinará este fondo serán os seguintes:

1. Programas de prevención de toxicomanías, asistencia de drogodependentes e inserción social e laboral destes.

2. Intensificación e mellora das actuacións de prevención, investigación, persecución e represión dos delitos ós que se refire esta lei, incluíndo:

a) Os gastos necesarios para a obtención de probas na investigación dos delitos citados no artigo 1.

b) Adquisición de medios materiais para os órganos competentes na represión dos mesmos delitos.

c) O reembolso dos gastos en que lícitamente puidesen ter incorrido os particulares ou os servicios das administracións públicas que tivesen colaborado cos órganos competentes na investigación destes delitos.

3. A cooperación internacional na materia.

#### Artigo 3. *Destinatarios e beneficiarios.*

1. Poderán ser destinatarios e beneficiarios dos recursos do fondo ós que se alude no artigo 1.2 desta lei os organismos, institucións e persoas xurídicas seguintes:

a) A Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas.

b) As comunidades autónomas e as entidades locais, nos seguintes supostos:

1.º Para o desenvolvemento e execución dos plans sobre drogas, de acordo coas previsións dos respectivos plans rexionais ou autonómicos.

2.º Para a dotación de medios ás respectivas policía con competencia na prevención, investigación, persecución e represión dos delitos previstos nesta lei.

3.º Para as organizacións non gobernamentais ou entidades privadas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas cun ámbito que non supere o da respectiva comunidade autónoma.

c) As organizacións non gobernamentais ou entidades privadas sen ánimo de lucro, de ámbito estatal, que desenvolvan o seu labor total ou parcialmente en materia de drogodependencias, de acordo cos programas de distribución e as subvencións determinadas pola Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas.

d) Os corpos e forzas de seguridade do Estado con competencias en materia de narcotráfico.

e) O Departamento de Aduanas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, de acordo coas súas competencias específicas.

f) A Fiscalía Especial para a Prevención e Represión do Tráfico Ilegal de Drogas.

g) Outros organismos públicos vinculados ou dependentes da Administración xeral do Estado, para o desenvolvemento de programas concretos, e de acordo cos obxectivos prioritarios marcados polos órganos do Plan Nacional sobre Drogas.

h) Os organismos internacionais, entidades supranacionais e gobernos de estados estranxeiros, para o desenvolvemento de programas destinados a satisfacer os fins previstos no artigo 2, de acordo cos instrumentos internacionais subscritos polo Goberno, e co informe favorable do Ministerio de Asuntos Exteriores.

2. Os bens, obxectos e instrumentos que, de acordo co disposto no artigo 374 do Código penal e 6.3 da Lei orgánica de represión do contrabando, fosen utilizados provisionalmente polos corpos e forzas de seguridade do Estado, polas policía autonómicas ou polo Departamento de Aduanas e Impostos Especiais da Axencia Estatal de Administración Tributaria, ó seren adxudicados ó Estado poderán quedar, mediante acordo da Mesa de Coordinación de Adxudicacións, definitivamente adscritos, entendéndose neste suposto afectados a aqueles.

A titularidade dos ditos bens seguirá sendo do Estado.

3. Dos recursos do fondo non adscritos segundo o previsto no número anterior destinarase, cando menos, un 50 por cento á realización de programas de prevención das toxicomanías e á asistencia de drogodependentes e inserción social e laboral destes.

#### Artigo 4. *Destino dos recursos do fondo.*

1. Os bens e efectos integrados no fondo que non consistan en diñeiro ou noutros instrumentos de pagamento ó portador, e que sexan de libre comercio e susceptibles de valoración económica, coa excepción dos referidos na disposición adicional terceira, serán, con carácter xeral, alleados polos procedementos establecidos regulamentariamente, procedéndose a seguir a ingresa-lo produto dese alleamento no referido fondo.

2. En casos determinados, e de forma excepcional e motivada, os bens do fondo non consistentes en diñeiro ou outros instrumentos de pagamento ó portador poderanse destinar, por solicitude dos destinatarios e beneficiarios establecidos no artigo 3.1, á satisfacción de calquera das actividades ou fins previstos no artigo 2 desta

lei, logo de acordo da Mesa de Coordinación de Adxudicacións.

Nos supostos establecidos no parágrafo anterior deste número e no artigo 3.2, a titularidade dos bens cedidos seguirá sendo do Estado, salvo que a Mesa de Coordinación de Adxudicacións autorice, mediante acordo expreso, o seu alleamento ou o seu abandono, caso en que quedarán automaticamente desafectados do cumprimento dos fins legalmente previstos e o produto do alleamento será ingresado no fondo.

3. Sen prexuízo do disposto nos números precedentes e no artigo 3.2, a Mesa de Coordinación de Adxudicacións poderá tamén acordar, de forma motivada, o abandono dos bens do fondo cando a súa deterioración material ou funcional, os elevados gastos de depósito, conservación, ou administración xerados ou outra circunstancia o fagan aconsellable.

4. Nos supostos en que os bens non líquidos do fondo estean sometidos, por disposición legal ou dun tratado internacional, a un réxime xurídico que someta a prohibicións ou limitacións a súa propiedade, posesión ou comercio, a Mesa de Coordinación de Adxudicacións darálle-lo destino que proceda, incluíndo a súa destrución ou inutilización, tendo en conta o disposto na normativa reguladora correspondente, e as utilidades ou rendementos que, do seu posible uso e gozo, se poidan derivar, de acordo coa súa especial natureza e características, sempre que non se decida a súa permanencia no fondo, se imponha un destino determinado na referida normativa ou nesta lei, ou na súa regulamentación de desenvolvemento.

5. Os recursos a que se refire a alínea b) do artigo 1 xerarán crédito no concepto que, para a aplicación do fondo, figure dotado no orzamento da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas, de acordo co establecido no texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Distribuídos os recursos do fondo pola Mesa de Coordinación de Adxudicacións conforme os criterios que, anualmente, acorde o Consello de Ministros por iniciativa da dita mesa, efectuaranse, con cargo ós créditos citados no parágrafo anterior, as transferencias de crédito oportunas a favor dos distintos beneficiarios.

#### Artigo 5. *Resolucións xudiciais.*

1. Declarada a firmeza dunha sentenza xudicial na cal se decreta o comiso e adxudicación definitiva ó Estado dos bens, obxectos, instrumentos e ganancias, en aplicación do artigo 374 do Código penal e do artigo 301.1, parágrafo segundo do Código penal, ou en aplicación do artigo 5 da Lei orgánica 12/1995, do 12 de decembro, de represión do contrabando, será notificada a dita sentenza ó presidente da Mesa de Coordinación de Adxudicacións por parte do xulgado ou tribunal que a dictase, nun prazo non superior a tres días contados desde o seguinte a aquel en que se producise a firmeza daquela.

2. Xunto coa copia testemuñada da executoria a que se aludiu no número anterior, o xulgado ou tribunal remitirá tamén copia testemuñada do auto de declaración da firmeza da sentenza, así como do auto de aclaración daquela, se o houber.

3. Simultaneamente co establecido nos números anteriores, o órgano xudicial competente cursará a correspondente orde de transferencia para que sexan integradas no Tesouro Público as cantidades líquidas oportunas, así como os xuros que producen, especificando en cada caso que o ingreso deriva do comiso por aplicación do artigo 374 do Código penal ou, se é o caso, do artigo 5 da Lei orgánica 12/1995.

h

A recepción e integración no fondo das cantidades líquidas de diñeiro comisadas ou doutros instrumentos de pagamento ó portador formalizarase mediante remisión á Mesa de Coordinación de Adxudicacións por parte do órgano xudicial dunha copia da referida orde de transferencia.

4. Con independencia do establecido nos números precedentes, os xulgados e tribunais colaborarán coa Mesa de Coordinación de Adxudicacións e coa Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas, co fin de facilita-la integración no patrimonio do fondo dos bens comisados que deban formar parte deste.

Para tales efectos, os xulgados e tribunais deberán, de forma particular:

- a) Facilitar, logo de requirimento, a identidade dos bens cando non consten de forma suficiente na executoria.
- b) Facilita-la localización dos bens e a documentación administrativa que deban xuntar.
- c) Facilitar copia testemuñada da acta de ocupación ou aprehensión xudicial ou policial dos bens.
- d) Facilita-la identidade, o enderezo e a localidade de residencia dos terceiros posuidores ou depositarios dos bens.
- e) Instar dos terceiros posuidores ou depositarios dos bens para que fagan entrega deles ó representante designado polo presidente da Mesa de Coordinación de Adxudicacións.

#### Artigo 6. *Mesa de Coordinación de Adxudicacións.*

1. A Mesa de Coordinación de Adxudicacións é un órgano colexiado interministerial, con capacidade xurídica para allear de acordo coa lexislación vixente, integrada no Ministerio do Interior a través da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas, que estará presidida polo delegado do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas, e da que formarán parte outros representantes do Ministerio do Interior, do Ministerio de Facenda e do Ministerio de Xustiza, coa distribución numérica que se estableza regulamentariamente.

2. Á Mesa de Coordinación de Adxudicacións corresponderanlle as seguintes competencias:

- a) Identificar, inventariar e allea-los bens e efectos comisados e adxudicados ó Estado en aplicación desta norma.
- b) Determina-lo destino dos bens de acordo co disposto nos artigos 2 e 4 desta lei e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.
- c) Acorda-la integración no fondo daqueles bens comisados por órganos xudiciais ou outras autoridades competentes de estados estranxeiros ou a entrega ós gobernos destes de bens e dereitos comisados por xulgados ou tribunais españois que deben integrarse naquel fondo, conforme o establecido nesta lei e nos tratados internacionais ratificados polo Reino de España.
- d) Acordar, no ámbito da súa competencia, a revogación da cesión de bens por incumprimento das condicións establecidas para realiza-la dita cesión e esixi-lo resarcimento de danos ou menoscabos producidos ós bens cedidos e o reintegro de beneficios indebidamente percibidos.
- e) Distribuí-las cantidades líquidas do fondo entre os beneficiarios ós que se refire o artigo 3, de acordo cos criterios que, anualmente, aprobe o Consello de Ministros, por iniciativa da Mesa e por proposta conxunta dos ministros do Interior, de Xustiza e de Facenda.
- f) As demais que se lle atribúan nunha lei ou nunha norma regulamentaria.

3. As resolucións da Mesa de Coordinación de Adxudicacións porán fin á vía administrativa e serán impugnables potestativamente en reposición ante a propia mesa ou directamente ante a xurisdicción contencioso-administrativa, de acordo coa normativa reguladora desta.

#### Artigo 7. *Control da actividade do fondo.*

1. Dentro do primeiro trimestre de cada exercicio, remitirase ás Cortes Xerais un informe completo sobre a actividade do fondo onde se recollerá tanto o detalle das principais operacións coma os datos económicos máis destacados que permitan coñecer-lo alcance das súas actuacións en relación cos fins legalmente atribuídos.

2. Con independencia do previsto no número anterior, o fondo estará sometido ó control propio da Intervención Xeral da Administración do Estado, no ámbito das súas competencias, e ó do Tribunal de Contas.

#### Disposición adicional primeira. *Gastos de xestión e administración do fondo.*

1. A constitución e funcionamento ordinario da Mesa de Coordinación de Adxudicacións non suporá en ningún caso incremento do gasto nin asignación orzamentaria específica.

2. No orzamento da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas habilitaranse, financiados con ingresos procedentes do fondo, os créditos necesarios para atender, por proposta da Mesa de Coordinación de Adxudicacións, os gastos orixinados pola propia administración e xestión do fondo.

3. Aqueles gastos que sexan necesarios para a conservación e mantemento dos bens e dereitos soamente serán satisfeitos con cargo ós créditos orzamentarios ós que se refire o número anterior, a partir da súa integración formal no dito fondo e ata que se produza o seu alleamento ou cesión conforme esta lei.

#### Disposición adicional segunda. *Lexislación supletoria.*

En todo o non previsto nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, serán de aplicación supletoria ó réxime dos recursos integrados no fondo o texto articulado da Lei do patrimonio do Estado, aprobado polo Decreto 1022/1964, do 15 de abril, e a súa normativa de desenvolvemento, o texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, e a súa normativa de desenvolvemento, as leis anuais de orzamentos xerais do Estado, e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e a súa normativa de desenvolvemento.

#### Disposición adicional terceira. *Bens integrantes do patrimonio histórico español.*

No suposto de que os bens recollidos polo artigo 1 desta lei estivesen comprendidos no artigo primeiro, número segundo, da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, a Administración competente determinará o destino definitivo dos bens, logo de informe do Consello do Patrimonio Histórico.

#### Disposición adicional cuarta. *Incorporación de créditos.*

O importe do crédito non utilizado á fin de cada exercicio na aplicación orzamentaria correspondente ó fondo a que se refiren o artigo 2 e a disposición adicional primeira desta lei incorporárase ó orzamento de gastos do exercicio inmediato seguinte por acordo do ministro de Facenda.

Disposición adicional quinta. *Inscripción en rexistros públicos de bens do fondo.*

1. A Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas, por instancia da Mesa de Coordinación de Adxudicacións, procederá, coa maior brevidade, a inscribi-los bens e dereitos do fondo existentes naquel na data de entrada en vigor desta lei, así como os que pasen a integrarse nel a partir da entrada en vigor, a nome do Estado nos correspondentes rexistros públicos, cando a lexislación reguladora destes, ou outra aplicable, esixa a inscrición neles da titularidade dominical ou a translación do dominio de tales bens, sendo a copia testemuñada da executoria á que se refire o artigo 5.1 desta lei título suficiente e directo para isto.

2. Nas inscricións que se practiquen, ademais doutras circunstancias que deban recollerse nelas segundo a lexislación específica aplicable, deberá quedar constancia da afectación dos bens e dereitos obxecto de inscrición ó cumprimento dos fins previstos no artigo 2 desta lei.

3. As inscricións que se practiquen en rexistros públicos de acordo co establecido nos números anteriores non devengarán aranceis ou taxas de tipo ningún.

4. Os bens do fondo, fosen inscritos ou non nos rexistros públicos correspondentes, serán inembargables e a Administración xeral do Estado, a través da Mesa de Coordinación de Adxudicacións, gozará sobre eles do resto das prerrogativas legalmente previstas sobre os demais bens e dereitos patrimoniais do Estado.

5. De acordo co disposto no artigo 13 da Lei de axuízamento criminal, o instructor da causa penal solicitará dos rexistros correspondentes a anotación preventiva de embargo co fin de asegura-los intereses do fondo regulado nesta lei.

Disposición transitoria única. *Actuacións da Mesa de Coordinación de Adxudicacións.*

Ata que se regule a nova composición da Mesa de Coordinación de Adxudicacións, as competencias atribuídas a esta polo artigo 6 desta lei serán exercidas pola actual mesa, coa composición e réxime de funcionamento vixentes.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Lei 36/1995, do 11 de decembro, sobre a creación dun fondo procedente dos bens comisados por tráfico de drogas e outros delitos relacio-

nados, e a Lei 61/1997, do 19 de decembro, de modificación daquela, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto nesta lei.

Disposición derradeira única. *Habilitación do Goberno.*

Habílitate o Goberno para que dicte as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 29 de maio de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**10831** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 177/2003, do 14 de febreiro, polo que se regulan as organizacións de operadores do sector oleícola.* («BOE» 129, do 30-5-2003.)

Advertidos erros no Real decreto 177/2003, do 14 de febreiro, por el que se regulan las organizaciones de operadores del sector oleícola, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 5 en lingua galega, do 1 de marzo de 2003, procédese a efectua-las oportunas rectificacións:

Na páxina 712, segunda columna, no artigo 10.1, onde di: «...acompañada da proba de constituír garantía por un valor igual ó 110 por 100...», debe dicir: «...acompañada do compromiso de constituír garantía por un valor igual ó 110 por 100...».

Na páxina 717, no anexo II, punto III.b), onde di: «Depósito dunha garantía por un importe igual ó 110% do anticipo solicitado», debe dicir: «Compromiso de depositar unha garantía por un importe igual ó 110% do anticipo solicitado».